

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia." e a "ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa." e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos recollidos nel.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia introdución do Decreto na área de Educación plástica e visual, baseándose na comprensión e na experimentación de diferentes correntes artísticas, autores e diversos materiais, tanto para coñecer e valorar a obra de outros como para a súa propia creación. Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo. A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

Así, o alumnado adquirirá destrezas, habilidades e actitudes relacionadas coa tolerancia e o respecto cara a diferentes obras artísticas. Por un lado fomentaremos o traballo relaputivo con diferentes actividades como poden ser o debuxo artístico, técnico... Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro das mesmas tamén para crear diferentes obras ou creacións, como por exemplo o proxecto audiovisual final, relacionado co PDI, aplicacións de debuxo e experimentación plástica.

Empregaremos a área de educación plástica para establecer unha contorna de igualdade entre o alumnado, e romper con estereotipos. Por outra banda a expresión plástica e artística empregámola frecuentemente na vida cotiá do centro, nela baseanse casi todas as conmemoracións celebradas no centro, igualdade de xénero, dereitos da infancia...

O número de alumnado do nivel foi inicialmente de 52 repartíndose do seguinte xeito:

18 alumnas e alumnos en 6ºA

17 alumnas e alumnos en 6ºB

17 alumnas e alumnos en 6ºC

En canto as características psicoevolutivas atopámonos a nivel cognitivo estamos chegando á parte final de operacións concretas, onde se realizan operacións lóxicas para representar a realidade, a piques de chegar ao período de operacións formais. A nivel motriz incrementouse a coordinación global, a capacidade de relaxación e os movementos son máis precisos e seguros. Finalmente, a nivel afectivo e social as relacións son de reciprocidade e intercambio mutuo de pensamentos e sentimentos.

A finalidade principal desta área na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.

- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.

- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.

- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Iniciándose o curso pasado no traballo con EVA E-Dixgal, teremos especialmente en conta o uso da tecnoloxía dixital e os recursos que proporciona, así como no manexo e xestión dos datos e a información.

Nesta programación contéplanse 3 unidades didácticas, distribuídas do seguinte xeito:

1º trimestre UD1: Artes e debuxo técnico

2º trimestre UD : Referentes plásticas.

3º trimestre UD: Nós tamén creamos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Artes e debuxo técnico.	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica. Traballaremos, maioritariamente, o debuxo técnico.	33	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Referentes plásticas.	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos. Incidiremos no Graffiti e en artistas femininas, relacionando todo isto co PDI de centro "todas e todos temos unha historia que contar".	33	12		X	
3	Nós tamén creamos.	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións. Neste caso, en relación co PDI de centro, realizarase un proxecto de carácter audiovisual que inclúa todos os aspectos aprendidos na materia.	34	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Artes e debuxo técnico.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros e estilos, a través da recepción activa.	TI	100
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características, establecendo algunha relación entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma individual e colaborativa.		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como algunha das súas diferenzas e similitudes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e algunha técnica artísticas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha boa actitude cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros e estilos, a través da recepción activa.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características, establecendo algunha relación entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como algunha das súas diferenzas e similitudes.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa.

Contidos

- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas cos ámbitos artístico plástico e visual. Coñecemento e valoración.
- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor.
- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Experimentación co debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía específica da área.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.

UD	Título da UD	Duración
2	Referentes plásticas.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros e estilos, a través da recepción activa.		
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características, establecendo algunha relación entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma individual e colaborativa.		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como algunha das súas diferenzas e similitudes.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e algunha técnica artísticas.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de algún medio e explica, canto menos parte do proceso, así como o resultado final obtido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha boa actitude cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Nós tamén creamos.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.	TI	100
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e algunha técnica artísticas.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de algún medio e explica, canto menos parte do proceso, así como o resultado final obtido.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha boa actitude cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros e estilos, a través da recepción activa.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe manifestacións culturais e audiovisuais, explorando as súas características, establecendo algunha relación entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de forma individual e colaborativa.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Compara o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como algunha das súas diferenzas e similitudes.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planifica e deseñar producións culturais e audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e algunha técnica artísticas.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de algún medio e explica, canto menos parte do proceso, así como o resultado final obtido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha boa actitude cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais.

Contidos

- Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
 - Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
 - Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
 - Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
 - Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
 - Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
 - Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
 - Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
 - Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.
- Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:
- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas.

- ligazóns de interese relacionadas coa materia.
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso.

Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos, presentacións e de esquemas cando sexa preciso.

Empregaranse diferentes recursos, tanto dixitais como físicos, engadindo os que se fagan necesario ao longo do curso, de xeito especial os achegados polo EVA E-Dixgal, aula de Polos Creativos ou a Biblioteca de centro e/ou aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, incluíndo aos diferentes especialistas.

RECURSOS MATERIAIS: Empregarase diferente material funxible, que poderá estar dentro da aula nos diferentes armarios, ou no armario situado no corredor, tales como pinces e témperas; ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras; bloc de debuxo e cartolinas; regras; material de costura, pasta para modelar e aquelas outras necesidades que poidan ir xurdindo.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: encerado dixital interactivo, ordenador Abalar do docente, equipos E-Dixgal do alumnado, cámaras de foto e vídeo, micrófonos, utensilios de Radio Na Biblio, así como outros de préstamo de biblioteca ou polos creativos que poidan achegarnos.

RECURSOS DIXITAIS: EVA E-Dixgal e diferentes aplicacións web que poidamos precisar empregar ao longo do curso, tales como Canva. Software libre.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, o patio de recreo, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte do equipo docente do curso anterior.

A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas do curso, tendo en conta:

- alumnado do centro.
- alumnado de nova incorporación.

Tratase de probas escritas que achegarán datos cun carácter eminentemente competencial.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co departamento de orientación (ou cando

menos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada). De ser posible e/ou necesario, esta xuntanza terá lugar coa persoa titora e co resto de equipo docente para convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O 100% dos CA da presente PD serán avaliados por táboas de indicadores, fundamentalmente listas de control e rúbrica. Con carácter xeral, a construción da nota de cada CA será do xeito seguinte: 100% a nota do instrumento correspondente.

A nota trimestral, no referido ao que ás UD se refire é a seguinte:

- 1º trim.: UD1 100%
- 2º trim.: UD2 100%
- 3º trim.: UD3 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 33%
- 2º trim. 33%
- 3º trim. 34%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte.

Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliada a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais relacionados cos aspectos impartidos.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo e outras medidas ordinarias que procedan.

Por outra parte, aplicaranse medidas extraordinarias para aquel alumnado que o requira, por resultar as medidas ordinarias insuficientes.

Terá prioridade a coordinación entre o equipo docente e con o Departamento de Orientación, de xeito salientable coa xefatura de dito departamento, atendendo as propostas de valoración a considerar obtidas das diferentes fontes de información das que se dispón.

Outras accións que se van a levar a cabo será a mellor das técnicas e hábitos de estudo do alumnado, actividades complementarias que amplíen e afonden o currículo e plans e programas da consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento		X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres		X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos			X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.			X
ET.9 - Educación para a saúde			X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.10 - Educación emocional e en valores.		X	X
ET.11 - Non discriminación por razón da orientación sexual ou identidade de xénero.		X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Exposición con invitación ás familias	No 3º trimestre invítase ás familias á exposición do noso PDI "todas e todos temos unha historia que contar" onde se proxectará o noso produto final, froito da UD3.			X
Visita histórica	No 2º trimestre realizarase unha visita de carácter histórico, onde se reparará -entre outras cousas- no aspecto artístico e arquitectónico.		X	

Observacións:

As presentes actividades complementarias e extraescolares poderán ser modificadas e/ou ampliadas en función do devir do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos contidos traballados ás características do alumnado e a súa contorna.
Distribución dos contidos ao longo da programación.
Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Adecuación da metodoloxía ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Optimización de recursos (materiais, persoais, espaciais¿).

Medidas de atención á diversidade
Atención ao alumnado NEAE e eficacia das medidas adoptadas.
Actividades de reforzo e/ou ampliación axeitadas.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado coas actividades.
Clima xeral da aula.
Traballo en equipo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Participación da comunidade educativa, incluíndo ás familias.
Outros
Progreso do alumnado en base ao seu nivel inicial.
Valoración global do alumnado positiva.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro. A enquisa ao alumnado realizarase cando menos ao remate do 3º trimestre, e incluíranse algunhas das cuestións anteriormente mencionadas que deben ser valoradas de xeito individual. Valoraranse propostas de cambio ou mellora na programación didáctica de cara á elaboración das dos seguintes cursos. Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No referido ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Actividades complementarias (realizadas ou non).
 Recollerase as actividades realizadas e as non realizadas, como proposta de mellora ou conveniencia de realizalas nos seguintes cursos en base á súa pertinencia pedagóxica e/ou organizativa.

9. Outros apartados